

CXT, CONCURSO DE ESTABILIZACIÓN, VACANTES ORIENTACIÓN

Santiago, 3 de outubro de 2022.

Na Mesa Sectorial de Educación de hoxe comezamos tratando a **Orde pola que se convoca concurso de traslados** entre persoal funcionario docente.

Importante :

- **O prazo de presentación de instancias** posiblemente comece o día **17 de outubro** aínda que se podería adiar pola modificación do Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, ou a Orde Marco por parte do Ministerio. Isto modificaría os prazos de comisión de servizos: concilia, saúde, atención preferente...

Demandamos:

1. Que se coñezan as vacantes provisionais no prazo de presentación de instancias e que en todo caso, as vacantes definitivas estean publicadas no prazo de renuncias e que cada participante poida decidir se renuncia ou non ó concurso, sabendo a totalidade das vacantes que son de cobertura. **A administración aclara que desta maneira non se axustaría totalmente posto que as vacantes que se ofertan son a día 31 de decembro.**
2. Seguimos insistindo en que se poidan actualizar os datos persoais e incluír os méritos non só na apertura do concurso senón en calquera momento do ano como recolle a Orde do 2 de xuño de 2021. **O Subdirector resposta que sería inviable abril ao longo de todo o curso xa que non teñen os recursos suficientes para xestionar a verificación de datos.**
3. Que na base décima punto 3 se advirta que o persoal do corpo de mestres que está a impartir clases en 1º e 2º da ESO cobrando o complemento retributivo, está a perder tal complemento cando obtén praza derivada do concurso mesmo que sexa para atender a esta mesma etapa noutro centro. **Aínda que este sindicato si que tratou casos neste sentido, a contestación da Consellería é que xa queda moi pouca xente nesta situación e non está a crear problemas.**
4. Escolas de capataces forestales. Os docentes de educación que están traballando nestas escolas non teñen recoñecidos a nivel de baremo os cargos desempeñados (titorías,...) Entendemos que é de recibo recoñecerllos para evitar agravios comparativos con compañeiros que exerzan a súas

funcións noutros centros.

5. Do mesmo xeito, lembramos que se deben ofertar vacantes para mestres que imparten na ESO. [A Consellería di que non se ofertarán nin de AL nin de mestre nesta etapa.](#)

6. Novamente solicitamos a creación dun catálogo para os centros de Secundaria que axude á organización dos mesmos e á estabilidade dos cadros de persoal docente.

7. Esta organización quere solicitar que se dea a posibilidade de concursar anualmente á xente que se lle adjudicou unha praza de oficio no CXT. Cando a petición é voluntaria, non temos nada que obxectar pero, cando a adjudicación é de oficio sería unha boa opción deixar concursar ó ano seguinte da adjudicación de oficio a este colectivo por se tiveran a posibilidade de achegarse. [Non se atende a nosa petición.](#)

9. En relación ó BAREMO solicitamos que :

a. No apartado 3 subir a 15 puntos a puntuación global de xeito que se prime a cualificación profesional dos docentes e deixar que se puntúen no 3.1 varias titulacións da mesma categoría, ó igual que se fai cos idiomas.

b. Se puntúen no 3.3 todas as titulacións que acreditan para impartir un idioma nas seccións bilingües e non soamente os títulos da EOI.

c. No apartado 4.3: que se elimine o límite máximo de 5 puntos para outras funcións docentes. O punto 4 ten un límite de 20 puntos que se acadaría con 4 anos de dirección mentres que o traballo desenvolto ó longo de toda unha carreira profesional fóra do equipo directivo só puntuaría ata cinco puntos do total de vinte.

d. No apartado 4.1 ou 4.2 que se puntúen a responsabilidade dos centros de tres unidades; senón análogo á dirección polo menos no mesmo punto que ó secretario, xefe de estudos...

e. Que se recoñeza a labor dos docentes nos centros de menos de 5 unidades as dinamizacións de EDNL e Biblioteca ó igual que se puntúan as de extraescolares e ciclo. Son traballos que levan moito tempo e existe profesorado moi implicado que non se está vendo gratificado pola súa labor.

[A administración non accede a modificar ningunha proposta de axuste do baremo.](#)

Seguindo o segundo punto da Orde do día, aprobamos as prazas vacantes que figurarán nos anexos III e IV da próxima convocatoria do concurso de orientación.

UGT-SP reitera:

- A necesidade de actualización da rede de orientación educativa e a negociación das prazas compartidas. [O Director Xeral informa que non pertence ás súas competencias.](#)

- Que se deben modificar os criterios de adjudicación para os postos itinerantes.
- Nos CPI ten que haber un orientador de primaria a maiores do de secundaria.

A continuación analizamos as **Ordes pola que se convocan procedementos selectivos extraordinarios de estabilización** para o ingreso mediante concurso de méritos aos diferentes corpos docentes.

- Con respecto ó establecido na base décima apartado b) entendemos que todos os participantes ós que non resulte necesario revisarlles o seu autobaremo deberían ter dereito ó reintegro das taxas posto que non xeran custo extra á administración. **Non se acepta a proposta.**
- Entendemos que se debería adscribir a valoración do tempo traballado como orientador de centros de primaria e infantil a calquera das especialidades do departamento de orientación.
- Asemade o persoal docente que traballou na especialidade de “Prácticas e Actividades” ten que presentarse obrigatoriamente pola especialidade de “Servizos á Comunidade” para poder permanecer nas listas pola vinculación que se lles presupón ás dúas especialidades. No entanto, esa vinculación non se reconece agora na convocatoria. Debería computarse o tempo traballado en ámbalas dúas especialidades.

A Consellería comprométese a valorar a proposta para as especialidades de orientación e de Prácticas e actividades.

- As persoas substitutas ou interinas profesores de idiomas estranxeiros que figuran nas listas de secundaria e traballaron indistintamente en secundaria e en escolas oficiais, sen posibilidade de negarse, non deben verse perxudicadas e a súa experiencia debería contar indistintamente. **Ao tratarse de diferentes corpos non aceptan a proposta.**
- En relación ó baremo solicitamos que o apartado 2.5 da convocatoria para profesorado do extinto corpo de PTFP se inclúa tamén na convocatoria dos demais corpos. Os títulos expedidos por entidades acreditadas deben ser valorados independentemente de que se trate de Escolas Oficiais de Idiomas ou non.
- Solicitamos que se puntuase o C1 de Galego cando este non sexa requisito. **Valorarano.**

Por falta de tempo non se tratou o apartado de **VARIOS** abordarémolo na seguinte mesa.

Información proporcionada pola Administración

- A Consellería informou de que non vai saír concurso de adultos este ano.
- Para a convocatoria de procesos selectivos de estabilización, a Administración puntualiza que:
 - No momento da convocatoria os participantes poderán descargar unha folla de servizos prestados e tamén un certificado de superada a fase de oposición. Estas descargas estarán operativas á finais desta semana, tanto en galego coma en castelá.

- As prazas de quenda D (persoas con discapacidade) representan o 7% de toda a oferta. As prazas basearanse nos datos que ten a Consellería sobre a presenza de persoas con antigüidade que se poidan presentar por esa quenda en cada unha das especialidades.
- No autobaremo a aplicación no permitirá excederse do marcado na normativa: antigüidade de 10 anos...
- Atención!!! No momento de alegar méritos, a data computable será a do inicio do proceso e non a do final. A última actualización do expediente será a única que se terá en conta polo que deberá contar con TODAS as actualizacións que se queiran engadir.
- Deberáse cumprimentar unha solicitude por cada especialidade á que se opte pero unha soa de actualización de expediente.
- A convocatoria de formación profesional farase cando se publique o Real Decreto de integración.